



Expediente 25987/332

INFORME PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CADEIRAS PARA A SALA DE ESTUDOS DO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO” (AVENIDA BEIRAMAR).

I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a subministración de catrocentas cadeiras para a Sala de Estudos do Edificio do Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo” (avenida Beiramar).

II.- ANTECEDENTES

En data 26/09/2022, publícase na Plataforma de Contratación do Estado anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións para a contratación polo procedemento aberto da “Subministración de catrocentas cadeiras para a Sala de Estudos situada no edificio do Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo” (expte. 25987/332), no que se sinala como remate do prazo de presentación de ofertas o día 10/10/2022.

Segundo consta no certificado de licitadores expedido pola secretaria de Administración Municipal de data 13/10/2022, durante o prazo sinalado no devandito anuncio, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentouse unha oferta a través do dito Rexistro Electrónico municipal por TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDÁCTICOS S.L. (CIF B-36.864.510).

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público, presentaron proposicións para este procedemento os seguintes licitadores:

1. ACEROFFICE S.L.
2. CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES S.L.
3. KL1 MOBILIARIO DE OFICINA S.L.
4. PAZ DISMAC S.L.
5. SPIRAL CONTRACT S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2022 13:05	Páxina 1 de 6
25987-332	CSV: A9A6BC-4BE3EA-BHB3C6-SGPZCR-P8ECH6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De acordo co procedemento para a presentación electrónica das proposicións previstas na cláusula 14 do PCAP e das normas para o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de adxudicación de contratos da Disposición Adicional 16ª (apartado 1.h) da LCAP, en data 13/10/2022 ás 13:00 horas, reúnense a xefa do Servizo de Educación coa técnica de administración xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21/06/2019) para a apertura do sobre único de conformidade co previsto na cláusula 20.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

En primeiro lugar constátase que a proposición presentada por TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDACTICOS, S.L. non está encriptada, polo que non se cumpre o disposto na cláusula 14 do PCAP que establece “*En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador*”.

A continuación procédese á desencriptación das proposicións presentadas a través da Plataforma de Contratos do Sector Público co seguinte resultado:

	Licitador	DEUC	Anexo II PCAP	Prezo sen IVE	Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar
1	ACEROFFICE, S.L.			29.280,00 €	5 anos
2	PAZ DISMAC, S.L.		Non cubre o apartado f) “Nomeamento do delegado do contrato”	27.500,00 €	5 anos
3	SPIRAL CONTRACT, S.L.			29.200,00 €	2 anos
4	CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.			31.060,00 €	10 anos
5	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.			32.128,00 €	5 anos

Á vista da documentación presentada, procede:

a) Non admitir a TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDACTICOS, S.L. neste procedemento por ter presentado documentos non encriptados dos que pode coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura (cláusula 14 do PCAP e artigo 139.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público).

b) Admitir aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a documentación esixida na cláusula 13.1 do PCAP:

1. ACEROFFICE, S.L.
2. CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.
3. KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.
4. SPIRAL CONTRACT, S.L.

c) Conceder un prazo de tres días a PAZ DISMAC, S.L. para que poida emendar a documentación presentada. Concretamente deberá presentar de novo o anexo II do PCAP cumprimentando o apartado f) “*NOMEAMENTO DO/A DELEGADO/A DO CONTRATO*”.

En data 21/10/2022, vólvense a reunir a xefa do Servizo de Educación e a técnica de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2022 13:05	Páxina 2 de 6
25987-332	CSV: A9A6BC-4BE3EA-BHB3C6-SGPZCR-P8ECH6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expediente 25987/332

administración xeral do Servizo de Contratación e á vista da documentación presentada o 20/10/2022 por PAZ DISMAC S.L., procede a admitir a este licitador por ter emendado correctamente a documentación esixida na cláusula 13.1 do PCAP.

II. AVALIACIÓN DAS OFERTAS

Primeiro: Ofertas anormalmente baixas.

Antes de proceder a valoración das ofertas económicas, compróbase se algunha das ofertas contén valores anormais ou desproporcionados, en base aos criterios establecidos na cláusula 18 do PCAP e no apartado 6.B das Follas de Características do Contrato (FEC).

	Licitador	Oferta sen IVE	Desconto	% de baixa
	<i>Orzamento de licitación</i>	36.528,00 €		
2	PAZ DISMAC, S.L.	27.500,00 €	9.028,00 €	24,72%
3	SPIRAL CONTRACT, S.L.	29.200,00 €	7.328,00 €	20,06%
1	ACEROFFICE, S.L.	29.280,00 €	7.248,00 €	19,84%
4	CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.	31.060,00 €	5.468,00 €	14,97%
5	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	32.128,00 €	4.400,00 €	12,05%

Tras eliminarse a oferta que contén o valor de baixa máis alto, obtense unha media aritmética de baixas de ofertas (non descartadas) de 16,73%. Toda vez que ningunha das ofertas supera a porcentaxe de baixa límite de 26,73%, conclúese que ningunha das ofertas se atopa en situación de oferta anormalmente baixa.

Segundo: Valoración das ofertas.

A continuación, procédese a valorar as ofertas presentadas conforme aos criterios de valoración recollidos no apartado 6.A das FEC

	Licitador	Prezo sen IVE	Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar
1	ACEROFFICE, S.L.	29.280,00 €	5 anos
2	PAZ DISMAC, S.L.	27.500,00 €	5 anos
3	SPIRAL CONTRACT, S.L.	29.200,00 €	2 anos
4	CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.	31.060,00 €	10 anos
5	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	32.128,00 €	5 anos

O apartado 6A das FEC recolle os seguintes Criterios de adxudicación avaliáveis a través de fórmula:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2022 13:05	Páxina 3 de 6
25987-332	CSV: A9A6BC-4BE3EA-BHB3C6-SGPZCR-P8ECH6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“1.- Redución do prezo do contrato: valorarase con ata 90 (noventa) puntos: Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que propoña o menor prezo e 0 puntos ao licitador que non propoña ningunha redución do prezo; as restantes proposicións valoraranse aplicando a regra proporcional.

2.- Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar: valorarase con ata 10 (dez) puntos. Valorarase o incremento anual do prazo de garantía dos elementos a subministrar a maiores dos 3 anos que se recollen no apartado 4 do PPT. Outorgarase 2 puntos cada ano a máis dos tres anos esixidos no prazo de garantía dos elementos ofertados, ata un máximo de 10 puntos.”

Á vista dos anteriores criterios, os licitadores acadan as puntuacións que se recollen na seguinte táboa, coa conseguente clasificación de ofertas, ordenadas de forma decrecente por puntuación total obtida:

	Licitador	Prezo sen IVE	Puntos redución prezo	Incremento do prazo de garantía	Puntos prazo garantía	TOTAL PUNTOS
	<i>Orzamento de licitación</i>	36.528,00 €	.00			
1	PAZ DISMAC, S.L.	27.500,00 €	90.00	5 anos	10.00	100.00
2	ACEROFFICE, S.L.	29.280,00 €	72.26	5 anos	10.00	82,26
3	SPIRAL CONTRACT, S.L.	29.200,00 €	73.05	2 anos	4.00	77.05
4	CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.	31.060,00 €	54.51	10 anos	10.00	64.51
5	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	32.128,00 €	43.86	5 anos	10.00	53.86

Terceiro.- Comprobación de documentación.

Conforme ao previsto na cláusula 20.3 do PCAP, e coa asistencia do Servizo de Contratación, comprópanse os seguintes extremos en relación co licitador clasificado no primeiro lugar:

- “A súa personalidade, se é unha persoa física ou ben, a súa válida constitución e obxecto social, se é unha persoa xurídica.
- Capacidade de obrar.
- Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.
- Que non está incurso en prohibición de contratar”.

De acordo co previsto na cláusula 20.4 do PCAP compróbase que o primeiro licitador clasificado está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social, segundo o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 20/10/2022, incorporado ao expediente polo servizo de Contratación.

Así mesmo, o dito servizo require de oficio a certificación acreditativa de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo, segundo consta no certificado de data 24/10/2022, incorporado ao expediente.

En consecuencia, segundo o previsto na cláusula 22 do PCAP, procede formular ao órgano de contratación proposta de adjudicación deste procedemento en base aos seguintes:

IV.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2022 13:05	Páxina 4 de 6
25987-332	CSV: A9A6BC-4BE3EA-BHB3C6-SGPZCR-P8ECH6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expediente 25987/332

dita obriga atópase delegada nos concelleiros responsables das diferentes áreas en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020. A resolución de adxudicación deberá ser motivada, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.1 da Lei 9/2017).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao concelleiro delegado de Educación, correspóndelle ao servizo xestor de conformidade coa cláusula 22.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Trátase dun contrato de subministración, cuxo obxecto é a SUBMINISTRACIÓN DE CATROCENTAS CADEIRAS PARA A SALA DE ESTUDOS DO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO" (expte. 25987/332). co contido económico reflectido no apartado 3 das Follas de Características do Contrato (FEC): orzamento base de licitación (IVE incluído) de 44.198,88 euros.

Conforme, a cláusula 16.1 do PCAP, o órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios avaliábeis mediante fórmula previstos no apartado 6.A das FEC.

De conformidade cos antecedentes e avaliación de ofertas anteriormente expostos, resulta procedente formular proposta de adxudicación a favor de PAZ DISMAC, S.L. (CIF B-36.062.180), por importe de **33.275,00 euros**, IVE incluído, sendo o importe do IVE (21%) de 5.775,00 euros, e cun incremento do prazo de garantía de 5 anos, a maiores dos 3 anos obrigatorios recollidos no apartado 8 das FEC.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle ao órgano de contratación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017), competencia delegada no concelleiro delegado de Educación, en virtude do Decreto de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020.

En base ao que antecede, propónse ao concelleiro delegado de Educación en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro: Adxudicar a PAZ DISMAC, S.L. (CIF B-36.062.180) por importe de 33.275,00 euros, IVE incluído, o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a SUBMINISTRACIÓN DE CATROCENTAS CADEIRAS PARA A SALA DE ESTUDOS DO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO" (AVENIDA BEIRAMAR), sendo o IVE do 21% de 5.775,00 euros, e cun incremento do prazo de garantía de cinco anos adicionais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2022 13:05	Páxina 5 de 6
25987-332	CSV: A9A6BC-4BE3EA-BHB3C6-SGPZCR-P8ECH6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e da oferta presentada (expte. 25987/332).

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/11/2022 13:05	Páxina 6 de 6
25987-332	CSV: A9A6BC-4BE3EA-BHB3C6-SGPZCR-P8ECH6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		